



RIPS. Revista de Investigaciones
Políticas y Sociológicas

ISSN: 1577-239X

usc.rips@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela
España

Rama Caamaño, José; Fernández Esquer, Carlos
Balance dos rendementos do sistema electoral galego: unha proposta de reforma
RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas, vol. 16, núm. 1, 2017, pp. 9-40
Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Disponible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=38051452001>

- Cómo citar el artículo
- Número completo
- Más información del artículo
- Página de la revista en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica
Red de Revistas Científicas de América Latina, el Caribe, España y Portugal
Proyecto académico sin fines de lucro, desarrollado bajo la iniciativa de acceso abierto

Balance dos rendementos do sistema electoral galego: unha proposta de reforma

José Rama Caamaño¹

UNIVERSIDAD AUTÓNOMA DE MADRID, ESPAÑA
jose.rama@uam.es

Carlos Fernández Esquer

UNIVERSIDAD AUTÓNOMA DE MADRID, ESPAÑA
carlos.fernandeze@uam.es

Resumo: Tras a celebración de dez eleccións ao Parlamento de Galicia, a última delas o pasado 25 de setembro de 2016, é posible facer balance dos rendementos do sistema electoral autonómico galego. Este traballo realiza unha análise exhaustiva dos efectos despregados polas regras electorais galegas, utilizando para elo un conxunto de indicadores que miden a fragmentación partidista, a desproporcionalidade, as primas e penalizacións recibidas polos partidos e a desigualdade no valor do voto. Do mesmo xeito, estúdanse as lixeiras modificacións que experimentou o sistema electoral, dende a súa xénese no Estatuto de Autonomía de 1981, pasando pola aprobación da lei electoral galega en 1985, ata a reforma de 1992, así como os recentes intentos de reforma dos anos 2012 e 2014. Por último, estaremos en condicións para formular unha proposta de reforma electoral propia que, a partir de pequenas modificacións, poida corrixir algunhas das eivas do actual sistema electoral.

Palabras clave: sistema electoral galego, eleccións autonómicas, reforma electoral

Abstract: After the celebration of ten elections to the Parliament of Galicia, the last of them on 25 September 2016, it is possible to analyze the yields of the Galician autonomous electoral system. This work makes a comprehensive analysis of the effects of the Galician electoral rules, using a set of indicators that measure partisan fragmentation, disproportionality, bonus and penalties received by parties and inequality in the value of voting. It also examines the minimum changes that the electoral system has undergone since its genesis in the Statute of Autonomy of 1981, passing through the approval of the Galician electoral law in 1985, until the 1992 reform, as well as the recent attempts to reform the electoral system in 2012 and 2014. Finally, we will be able to formulate a proposal of electoral reform of its own that, based on minor modifications, can correct some of the dysfunctionalities of the current electoral system.

Keywords: Galician electoral system, autonomous elections, electoral reform.

1. Os autores comparten a partes iguais a responsabilidade sobre os contidos deste traballo.

Introdución

Desde que Galicia acadase a autonomía política no ano 1981, os galegos foron chamados as urnas ata en dez ocasións para elixir aos seus representantes no Parlamento de Galicia, a última delas o 25 de setembro de 2016. O sistema electoral empregado para transformar os votos en escanos non experimentou ao longo deste tempo grandes cambios, pese a que si se deron reformas menores relacionadas co tamaño do parlamento, o número de escanos correspondentes a cada provincia e o porcentaxe da barreira electoral.

A celebración de dez eleccións autonómicas permite facer balance dos rendementos do sistema electoral galego en distintas dimensións. Para elo, resulta tamén indispensable explicar as razóns que están detrás da súa configuración inicial e das súas distintas modificacións. Especialmente interesantes resultan as últimas propostas de reforma defendidas na anterior lexislatura autonómica, posto que coincidían na súa orientación coas formuladas polo Partido Popular (PP) noutras comunidades autónomas onde gobernaba.

Para dar resposta a estas cuestións, o presente traballo seguirá a seguinte estrutura. Tras esta breve introdución, dedicarase un apartado a describir os elementos centrais do sistema electoral galego, empregando como marco de referencia os restantes sistemas electorais das distintas comunidades españolas. En segundo lugar, examínase o sistema electoral como variable dependente, é dicir, trátase de coñecer a razón da configuración inicial do sistema electoral galego. En terceiro lugar, abórdase o estudo do sistema electoral galego como variable independente, isto é, analízanse os efectos do sistema electoral na fragmentación de partidos, a desproporcionalidade dos resultados, as primas e penalizacións que reciben os partidos e o valor do voto dos electores nas distintas circunscricións electorais. A continuación, explícase cal foi o motivo da modificación do sistema electoral galego no ano 1992 polo que se subiu a barreira electoral do 3 por cento ao 5 por cento e, para rematar, expóñense os intentos de reforma máis destacados durante os últimos anos. Por último, e a luz do exposto nos distintos apartados, formularemos a nosa propia proposta de reforma electoral e pecharase o artigo cunhas breves conclusións.

1. O sistema electoral galego

1.1. Liberdade dentro dun mesmo marco de movemento

Durante a transición democrática, a xeneralización das autonomía en todo o territorio español desembocou na instauración de 17 Parlamentos autonómicos, pese a que a Constitución só obrigaba a elo ás comunidades constituídas pola “vía rápida” ou “vía reforzada”. Non obstante, os pactos autonómicos de 1981, acordados entre o Par-

tido Socialista Obreiro Español (PSOE) e a Unión de Centro Democrático (UCD), dotaron ao resto de comunidades, segundo prescribía o artigo 152.1 da Constitución Española (CE), dunha “Asemblea lexislativa, elixida por sufraxio universal, consonte a un sistema de representación proporcional que asegurase, ademais, a representación das diversas partes do territorio”².

Con estes vimbios, as comunidades dispoñían dun espazo de liberdade considerable para configurar os elementos básicos dos seus respectivos sistema electorais, é dicir, o tamaño dos seus Parlamentos, a fórmula electoral, a delimitación das circunscricións, a magnitude dos distritos, a existencia de barreira electoral ou o carácter aberto ou pechado das listas electorais. Con todo, a pesar do amplo marxe de actuación, a innovación brillou pola súa ausencia (Pallarés, 1998). Unha boa parte da normativa electoral autonómica limitase a recoller a regulación da LOREG, cando non se remite simplemente aos seus artigos.

Así, a regra xeral é a utilización da provincia como circunscrición electoral. Non obstante, existen catro Comunidades Autónomas que se inclinaron por un tipo de circunscrición de base territorial distinta á provincial. Por un lado, Canarias e Baleares escolleron o territorio insular como circunscrición. Por outro, Asturias e Murcia ata fai un tempo³, decidiron fraccionar o seu territorio en varios distritos electorais, rompendo a tendencia asumida polas restantes comunidades uniprovinciais, consistente en tomar a provincia como circunscrición.

Existe certa variedade no referente ás barreiras electorais⁴, establecendo a maioría de comunidades autónomas barreiras legais entre o 3 por cento e o 5 por cento. Canarias representa a excepción, posto que a súa normativa establece unha dobre barreira do 6 por cento a nivel autonómico e do 30 por cento a nivel insular. Polo que se refire á fórmula de reparto de asentos, todas as comunidades sen excepción inclináronse pola fórmula D’Hondt⁵.

2. Suscitouse entón un debate doutrinal acerca de si as comunidades constituídas pola vía lenta debían tamén seguir necesariamente as directrices do art. 152.1 CE para aprobar os seus respectivos sistemas electorais, ou si, pola contra, dispuñan de plena liberdade ao respecto. Finalmente, o Tribunal Constitucional, na STC 225/1998, acabou apoiando a tese daqueles que sostíñan que as previsións de dito artigo proxectábanse sobre os Estatutos de todas as comunidades, con independencia da súa respectiva vía de acceso á autonomía.

3. Os artigos 13-15 da Lei 14/2015, de 28 de xullo, de reforma da Lei 2/1987, de 24 de febreiro, Electoral da Rexión de Murcia, modificou o sistema electoral murciano, establecendo, entre outras novidades, unha circunscrición electoral única que vai englobar a todos os electores da Rexión de Murcia. Adoptase así o criterio máis común nas comunidades autónomas uniprovinciais (Cantabria, Navarra, A Rioxa e Madrid), deixando como única excepción neste sentido o Principado de Asturias.

4. Nun sistema de representación proporcional, o número ou a proporción mínima de votos no nivel nacional ou no distrito requirido para participar na distribución de escaños.

5. Fórmula de representación proporcional que resulta a máis empregada para obter o reparto de escaños por cota suficiente. Consiste na división dos votos de cada candidatura por tantos números naturais como escaños

A interpretación que os lexisladores a nivel subnacional lle deron ao artigo 152.1 da CE, materializouse de forma ben distinta nas diferentes comunidades autónomas. Catro de elas prescinden por completo do criterio demográfico á hora de efectuar o reparto de escaños entre circunscricións. En Canarias, Illas Baleares, País Vasco e Cataluña, os seus Estatutos de Autonomía ou unha lei ordinaria establecen o número fixo de escaños para cada circunscrición, non admitindo revisión algunha a pesar dos cambios poboacionais. O reparto de escaños tende así a sobrerepresentar as zonas menos poboadas, infrarrepresentando como contrapartida as circunscricións onde existen grandes núcleos urbanos⁶. Este tipo de reparto de escaños trae consigo serios problemas dende o punto de vista da igualdade de voto (Fernández e Montero, 2016).

O resto de comunidades, co seu territorio dividido en varias circunscricións, combinan tanto factores xeográficos como poboacionais. A maneira de proceder ao reparto de escaños é similar á empregada polo sistema electoral do Congreso dos Deputados: asígnase un mínimo inicial de escaños a cada circunscrición con independencia da poboación que resida nelas, e o resto de asentos ata completar o Parlamento repártese, agora si, atendendo ao número de habitantes de cada circunscrición. Esta forma de repartir os escaños ten a virtude de superar a rixidez do modelo anterior, posto que permite ir axustando o reparto de deputados autonómicos entre as distintas rexións atendendo a flutuacións demográficas. Deste modo, o número de escaños asignados a cada circunscrición pode variar duns comicios a outros.

Como é lóxico, é ese mínimo inicial de escaños, ou en outras palabras esa *base inicial* que cabría denominar como *fixa*, a que xera desigualdade no valor do voto. As comunidades estableceron *bases* moi diferentes. En Murcia era de un escaño; no Principado de Asturias de dous asentos; de tres en Castela e León e en Castela e A Mancha; de oito en Andalucía; de dez en Galicia; de trece en Aragón; e de vinte na Comunidade Valenciana e Extremadura.

1.2 As orixes do sistema electoral galego

Como sucedeu en todas as comunidades autónomas, o Estatuto galego tamén introduciu un sistema electoral provisional, en tanto que non se aprobase a lei electoral definitiva. A Disposición Transitoria do Estatuto fixou o número de asentos da Cámara en 71, repartíndoos entre as catro provincias de tal xeito que sobrerepresenten-

teña o distrito. Esta fórmula ten unha tendencia a favorecer aos partidos maiores e a prejudicar ás formacións máis pequenas (nesgo maioritario)

6. Esta realidade afonda no nesgo conservador dos sistemas electorais tanto autonómicos como nacional. En esencia, isto significa que as forzas conservadoras conseguen unha prima dos seus votos en escaños ao seren, potencialmente, as formacións que mellores resultados acadan nas zonas rurais que se encontran sobrerepresentadas.

tase ás provincias con unha menor densidade xeográfica como eran Lugo e Ourense, a costa de infrarrepresentar as máis poboadas, A Coruña e Pontevedra. Na Disposición quedaban fixados o número de escanos que lle correspondían a cada circunscrición: A Coruña 22, Lugo 15, Ourense 15 e Pontevedra 19. A Coruña supoñía o 31 por cento dos escanos mentres que na realidade representaba o 39 por cento da poboación, Lugo e Ourense facíanse co 21 por cento dos escanos con poboacións que significaban o 15 e 16 por cento respectivamente da Comunidade Autónoma. E, Pontevedra, con un 30 por cento do total da poboación tiña un 26,8 por cento dos escanos totais. Así discorreron as eleccións de 1981 e 1985. A xustificación histórica a este reparto repousou sobre a necesidade de acadar unha maior cohesión ou vertebración territorial entre as zonas máis urbanas e as de corte rural. En esencia constituía unha sorte de discriminación positiva a favor das provincias rurais que, do contrario, poderían non ver satisfeitas as súas demandas particulares (Martínez, 2013).

Agora ben, esta operación non foi en absoluto inocente, dado que esta distribución de escanos resulta determinante si se atende á distribución xeográfica do votante galego. Así, premiábase “de maneira clara á Galicia campesiña, do interior, máis atrasada económica, social e culturalmente sobre a Galicia urbana e costeira, máis moderna en todos os aspectos mencionados” (Blanco *et. al*, 1982: 83). A este respecto, cabe sinalar que os aspectos estatutarios relacionados co sistema electoral foron impostos pola UCD sen ser acordados co resto de formacións políticas. Isto explica, sen ir máis lonxe, por que Lugo e Ourense, onde a UCD contaba con un gran respaldo electoral, foron sobrerrepresentadas, fronte ás outras dúas provincias onde o apoio á UCD era máis débil (López, 2010:144).

Agora ben, o sistema electoral foi un dos cabalos de batalla durante a tramitación do Estatuto de Galicia. Como sinala Blanco Valdés (1991: 904), “a competitividade (...) derivou dunha dobre orde de motivos: por un lado, o número e o reparto interprovincial de escanos que habían de compor a primeira Asemblea autonómica e, por outro, a introdución dunha barreira legal de votación, o tres por cento do censo, para acceder á Cámara”.

Neste sentido, debe recordarse que o proxecto de Estatuto elaborado nun primeiro momento pola Asemblea do Parlamento de Galicia, establecía un sistema electoral algo distinto ao que finamente terminou por aprobarse⁷. Así, establecíase unha franxa de parlamentarios notablemente máis avultada (entre 100 e 125 escanos). Ademais, o proxecto de Estatuto de Autonomía incorporaba unha cláusula que esixía ás forzas políticas que concorrián ás eleccións superar o 3 por cento do censo electoral da provincia, o que implicaba a contabilización da abstención. Esta pro-

7. Boletín Oficial das Cortes Xerais, nº 10-I, serie H, 20 de xullo de 1979.

posta supuña esixir na práctica máis dun 6 por cento dos votos (Maiz, 1991: 17), polo que prexudicaba gravemente ás pequenas formacións, entre as que se situaban boa parte dos partidos nacionalistas galegos. Máxime si se ten en conta que Galicia foi unha comunidade autónoma notablemente abstencionista en perspectiva comparada, especialmente nos primeiros procesos electorais (Montero, 1986; Justel, 1990; Vilas Nogueira, 1992). Baste con sinalar que nos primeiros comicios ao Parlamento de Galicia, celebrados o 20 de outubro de 1981, a participación foi do 46,3 por cento dos electores, o cal representa o porcentaxe de abstención máis alto nunhas eleccións autonómicas da historia de España⁸.

Táboa 1
Participación electoral nas eleccións ao Parlamento de Galicia, 1981-2016

	1981	1985	1989	1993	1997	2001	2005	2009	2012	2016
Participación	46,3	57,4	59,5	64,2	62,5	60,2	64,2	64,4	54,9	63,7

Fonte: elaboración propia en base aos datos do Parlamento de Galicia

No informe do Relatorio da Comisión Constitucional o tamaño do número de parlamentarios reduciuse ata a configuración actualmente vixente (entre 60 e 80 escanos), sendo finamente 71 os asentos do primeiro Parlamento Galego. Máis problemas suscitou a cláusula do 3 por cento dos votos do censo electoral en cada provincia. De feito, este elemento “pasou a converterse nun dos obstáculos máis graves para a aceptación xeneralizada do Estatuto polas diversas forzas políticas, toda vez que esa cláusula, máis aló da súa significación puramente técnica tiña unha clara transcendencia política posto que podía dar como resultado a privación de presenza parlamentar a unha gran parte dos partidos políticos e coalicións electorais que viñan presentándose aos comicios das primeiras eleccións xerais do 15 de xullo de 1977” (Blanco, 1991: 905).

Tal foi a gravidade da situación que, tras o chamado “Pacto do Hostal”, o Presidente da Asemblea de Parlamentarios de Galicia, Antonio Rosón, a instancias das forzas políticas que aceptaban a Constitución e o Estatuto, remitiu un escrito ao

8. Non obstante, hai que sinalar que as taxas de participación en Galicia foron parecéndose ás de outras Comunidades Autónomas, chegando incluso a superar en ocasións a outras “comunidades históricas” como Cataluña e o País Vasco (Míguez, 1998, 2010).

Congreso dos Deputados⁹, no que entre outras cuestións, instábase á supresión deste polémico punto, co obxectivo último de solucionar as dificultades que impedían culminar o proceso estatutario galego (Maiz, 1991; Blanco, 1991). Finalmente, e como consecuencia desta operación, a Comisión constitucional decidiu modificar – entre outros elementos – a cláusula en cuestión, aplicándose finamente a barreira electoral do 3 por cento dos votos válidos, por remisión á barreira contemplada a nivel estatal.

Cabe sinalar que no proceso de elaboración da lei electoral galega de 1985, acordouse aumentar o tamaño do Parlamento de Galicia de 71 a 75 escanos, entre outras cousas, para reducir a desviación do prorrateo de escanos creado pola Disposición Transitoria Primeira do Estatuto de autonomía e pola que se rexeron os dous primeiros comicios autonómicos de 1981 e 1985 (Martínez, 2012: 23). Coa entrada en vigor do novo sistema electoral nas eleccións autonómicas de 1989, reduciuse lixeiramente o desequilibrio representativo que aínda persiste entre as provincias atlánticas de A Coruña e Pontevedra e as provincias de interior de Lugo e Ourense. Ademais, tras figurar no proxecto de lei unha barreira electoral do 5 por cento dos votos emitidos, foi posteriormente rebaixada de novo ata o 3 por cento, por entenderse que, en caso contrario, só dúas ou tres forzas acadarían representación parlamentaria (Portero, 1991:131).

1.3 A normativa electoral galega na actualidade

Dous piares son os que sustentan a normativa electoral galega. Por un lado, o propio Estatuto de Autonomía de Galicia, e por outro, a Lei 8/1985 do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, reformada pola Lei 15/1992 do 30 de decembro, que supoñía elevar a barreira electoral do 3 ao 5 por cento de votos válidos por circunscrición.

No Estatuto de Autonomía fíxase a composición do Parlamento de Galicia. Nel, establece que os Deputados han de ser elixidos por sufraxio universal, libre e directo por un prazo de catro anos e consonte a un sistema de representación proporcional. Do mesmo xeito, establécese, ao igual que fai a CE, que a circunscrición electoral ha de ser a Provincia (art. 11.4). A isto, habémoslle de sumar a marxe de parlamentarios, que tamén ven establecida polo Estatuto de Autonomía Galego, entre 60 e 80, quedando aprazado o número fixo de escanos a unha lei de desenvolvemento básico do estatuto, cuxa aprobación, e por extensión modificación, ha de necesitar da maioría absoluta do Parlamento galego (art. 127.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia).

9. Boletín Oficial das Cortes Xerais, nº 10-II-1, serie H, 28 de outubro de 1980.

Coa aprobación da Lei electoral galega 8/1985 o número de escanos do Parlamento fixouse en 75. O máis curioso é que, co afán de respectar o mandato constitucional de representación de todos os territorios, estableceuse un mínimo inicial de 10 parlamentarios por Provincia, quedando tan só 35 para repartir seguindo criterios proporcionais (artigo 9 da citada Lei). Dende a aprobación da lei electoral e ata a actualidade, o número de deputados de cada provincia foi variando conforme ás flutuacións demográficas, tal e como se pode comprobar na Táboa 2.

Táboa 2
Características do sistema electoral ao Parlamento de Galicia, 1981-2016

	Referencia lexislativa	Tamaño do Parlamento	Fórmula electoral	Circunscricións (nº escanos)	Barreira electoral
1981 a 1985	Disposición Transitoria 1ª da L.O 1/1981 do 6 de abril.	71	D'Hondt	A Coruña (22) Lugo (15) Ourense (15) Pontevedra (19)	3% dos votos emitidos válidos por circunscrición
1989	Artículo 11 da L.O 1/1981 do 6 de abril. Artigos 8, 9 y 10 da Lei 8/1985 do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.	75	D'Hondt	A Coruña (24) Lugo (15) Ourense (15) Pontevedra (21)	3% dos votos emitidos válidos por circunscrición
1993	Artículo 11 da L.O 1/1981 do 6 de abril. Artigos 8, 9 e 10 da Lei 8/1985 do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.	75	D'Hondt	A Coruña (24) Lugo (15) Ourense (15) Pontevedra (21)	5% dos votos emitidos válidos por circunscrición
1997 a 2012	Artigo 11 da L.O 1/1981 do 6 de abril. Artigos 8, 9 e 10 da Lei 8/1985 do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.	75	D'Hondt	A Coruña (24) Lugo (15) Ourense (14) Pontevedra (22)	5% dos votos emitidos válidos por circunscrición
2016	Artigo 11 da L.O 1/1981 do 6 de abril. Artigos 8, 9 y 10 da Lei 8/1985 do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.	75	D'Hondt	A Coruña (25) Lugo (14) Ourense (14) Pontevedra (22)	5% dos votos emitidos válidos por circunscrición

Fonte: elaboración propia

2. Os rendementos do sistema electoral galego

En xeral, o sistema de partidos galego pode ser denominado como multipartidista mais, no fondo, debido ao referido sistema electoral galego que alberga unha clara tendencia a favorecer aos partidos maioritarios, o sistema de partidos inclinou-se ao *bipartidismo*. Pese a todo, podemos falar dun sistema de tres partidos no ano 1981, de dous partidos e medio nas eleccións de 1985 e, a partir de entón, dun claro predominio do PP – salvando as eleccións de 2005 (Pallarés e Lago, 2005) –, no que a formación conservadora encarrila maiorías absolutas e goberna a comunidade autónoma galega (Rivera *et. al.*, 1998: 299-307).

Por outra banda, o carácter de nacionalidade histórica, ter unha lingua propia e riscos culturais de seu, dotou a Galicia de movementos nacionalistas que pronto se habían de agrupar en torno a formacións políticas que acabarían tendo representación parlamentaria¹⁰. Así, aos partidos de implantación nacional, había que sumarlle a presenza de forzas rexionalistas – Esquerda Galega-Partido Socialista Galego (EG-PSG), Coalición Galega (CG) e Bloque Nacionalista Galego (BNG) ata 1989, e só o BNG ata 2012¹¹ (Lago, 2004: 36) – o que fixo que o espazo de competición política dos partidos galegos se orientase ao redor de dúas dimensións principais. Por un lado, unha dimensión esquerda-dereita (económica e cultural) e, por outro, unha dimensión centro - periferia que dá conta das posicións dos partidos respecto ao modelo territorial do Estado (Alonso, 2012). O Gráfico 1 mostra a evolución, en porcentaxe de votos, dos partidos que acadaron representación parlamentar nas eleccións autonómicas.


As eleccións de 1981 destacan como aquelas nas que a suma de votos da UCD e de Alianza Popular (AP) constitúen o porcentaxe máis baixo da serie (un 58 por cento de votos). No resto de eleccións os partidos máis votados foron o PP e o PSOE, salvando os comicios de 1997 e 2001 nos que o BNG foi o partido alternativo ao goberno (un fito histórico do nacionalismo galego) e 2016, no que a formación En Marea¹² obtivo un maior número de votos que o PSOE, pese a acadar o mesmo número de escaños. A Táboa 3 mostra a evolución na concentración de votos dos principais partidos. A maior concentración obsérvase nas eleccións de 1997, o Par-

10. Os partidos nacionalistas minoritarios emerxeron en distintas ondas entre a última década do s. XIX e os anos 90 do s. XX (Lipset e Rokkan 1967) para dar voz a un proxecto político (a autonomía política ou o independentismo) que ía máis aló da competición electoral entorno á ideoloxía.

11. Para máis información sobre os movementos nacionalistas galegos, ver Barreiro (2003); Beramendi e Núñez (1996); Maiz (1996).

12. En Marea nace nas eleccións autonómicas de 2016. Os seus membros proveñen na súa maioría da extinta ANOVA - Irmandade Nacionalista (ANOVA) e da nova formación Podemos, que entra no Congreso dos Deputados nas eleccións do 20 de decembro de 2015.

tido Popular chegou ao 52,2 por cento dos votos que, sumado aos apoios do BNG, constitúe un 80 por cento do total. As eleccións de 2012 poden ser tomadas como as primeiras do cambio, que sería contaxiado no 2015 ao sistema de partidos a nivel nacional e subnacional¹³ e que se consolidaría en Galicia nos comicios de 2016. O porcentaxe que suman as dúas formacións con maiores sufraxios móvese en torno aos valores das eleccións de 1981 e 1985. Con elo, rómpese o ciclo electoral que se establecera dende as eleccións de 1993.



Fonte: elaboración propia en base aos datos do Parlamento de Galicia

13. Fernández Albertos (2015: 36) recalca a importancia da formación Alternativa Galega de Esquada (AGE) que nace nas eleccións ao Parlamento de Galicia do ano 2012, como xerme do movemento Podemos, que entraría con 69 escanos no Congreso dos Deputados nas eleccións xerais de 2015. Citando as propias palabras do líder da formación morada, Pablo Iglesias, "seguramente sen Beiras (líder de ANOVA) non sería posible Podemos".

Táboa 3

Concentración de voto dos dous principais partidos (suma dos porcentaxes de voto) nas eleccións autonómicas de Galicia, 1981-2016

1981	1985	1989	1993	1997	2001	2005	2009	2012	2016
58,3	69,6	76,9	75,8	80	74,2	78,4	77,7	66,4	66,63

Fonte: elaboración propia

No caso galego, ao igual que no caso español, o sistema electoral pode ser considerado un dos elementos decisivos da fragmentación de partidos, sobre todo a nivel parlamentario. Así o constata a Táboa 4, sobre todo nas eleccións de 1981, 1985, 1989 e 2012, nas que as diferenzas entre o número efectivo de partidos electorais (NEPE), un índice que ten en conta o número e o peso en votos dos partidos, e o número efectivo de partidos parlamentarios (NEPP), ponderado o número de partidos no Parlamento co seu peso en escanos, foron máis que notables, constatando o efecto redutor do sistema electoral galego.

Táboa 4

Fragmentación de partidos nas eleccións autonómicas galegas, 1981-2016^a

	1981	1985	1989	1993	1997	2001	2005	2009	2012	2016	Media
NEPE	4,55	3,61	3,19	2,71	2,62	2,64	2,79	2,84	3,35	3,23	3,15
NEPP	3,32	2,85	2,49	2,36	2,43	2,49	2,60	2,54	2,64	2,67	2,64
Diferenza NEPE e NEPP	1,23	0,76	0,70	0,35	0,19	0,15	0,19	0,30	0,71	0,56	0,51

^a O índice compútase coa fórmula NEPE (ou NEPP) = $1/\sum \pi_i^2$ (onde “sigma” refírese á suma de todos os partidos “i” e “pi” é a proporción de votos ou de escanos do partido “i”)

Fonte: elaboración propia

Por outra banda, habemos de dedicarlle un espazo relevante a un dos efectos máis coñecidos e estudados que producen algúns sistemas electorais, e que incide de forma directa nos resultados electorais: a desproporcionalidade electoral. Este termo alude á desviación agregada entre a proporción de votos obtidos por un partido, e a proporción de escanos que recibe (Lijphart, 1995: 103). Deste xeito, cun valor de 0 cúmprese unha total proporcionalidade e cun valor de 100 unha

total desproporcionalidade. Entre os factores que determinan a proporcionalidade dun sistema electoral áchanse o tamaño do Parlamento, o prorrato desviado, a fórmula electoral, a barreira de entrada ou barreira electoral e, sobre todo, a magnitude de distrito (Lijphart, 1995)¹⁴.

A Táboa 5 amosa os niveis de desproporcionalidade acadados nas eleccións ao Parlamento de Galicia dende 1981 ata 2016. A tendencia xeral, con puntuais altibaixos, foi a dunha redución considerable da desproporcionalidade. Non obstante, obsérvase unha subida a valores próximos aos das primeiras eleccións democráticas no ano 2012, en boa medida motivado pola entrada de novos actores políticos na cámara de representación galega, aínda que en 2016 baixa cerca de 1 punto porcentual. A media de eleccións deixa unha desproporcionalidade do 4,8; o que sitúa a Galicia como a doceava CA máis desproporcional do Estado español, aínda que, se tomamos o valor acadado en 2016, a posición ascende ata o oitavo posto (Fernández e Montero, 2016).

Táboa 5
Desproporcionalidade nas eleccións autonómicas galegas, 1981-2016^a

	1981	1985	1989	1993	1997	2001	2005	2009	2012	2016	Media
MC	8,39	6,54	6,4	4,33	2,63	2	2,86	3,09	6,45	5,35	4,8

^a A fórmula empregada para o cálculo da desproporcionalidade é a mínimos cadrados de Gallagher (1991), que emprega a seguinte fórmula: $MC = [\frac{1}{2} \sum (si - vi)^2]^{1/2}$, onde “vi” é o porcentaxe de votos que consegue cada partido, e “si” o porcentaxe de escaños.

Fonte: elaboración propia

Estes efectos, denominados efectos mecánicos do sistema electoral, en esencia consisten na sobrerrepresentación dos primeiros partidos, ao transformar os votos en escaños, e na infrarrepresentación dos terceiros. As primas e penalizacións que sofren os partidos políticos debido aos elementos que compoñen o sistema electoral, quedan recollidas na Táboa 6. O Partido Popular é a forza máis beneficiada polos nesgos maioritarios do sistema electoral galego, como evidencian as catro *maiorías fabrica-*

14. Para unha maior información sobre os termos empregados para falar do sistema electoral ver: Josep M. Colomer, José Ramón Montero e Ignacio Lago. *Glosario básico de sistemas electorales*. E, para completar a información sobre o efecto da magnitude de distrito na proporcionalidade no caso español, ver MONTERO, e RIERA (2009). “El sistema electoral español: cuestiones de desproporcionalidad y reforma”; en *Anuario de la Facultad de Derecho de la Universidad Autónoma de Madrid*, nº 13, pp. 225-270.

das (*manufactured majorities*)¹⁵ acadadas polos populares (1989, 2009, 2012, 2016), ademais, as tres últimas coinciden cos tres gobernos de Núñez Feijoo. En todas as eleccións ás que concorre resulta o partido cunha maior prima ou bonificación ao transformar os seus votos en escanos. Pola contra, o BNG, salvando os comicios de 2001 e 2009, sempre saíu prexudicado polos efectos correctores da proporcionalidade que introducen as regras electorais galegas. Por outra banda, en menor medida que o PP, o PSOE aproveitouse da súa posición de segunda forza para que o peso dos seus escanos fose maior que o que lle conceden os votantes. Nos comicios de 2012 o PP obtivo a maior prima en escanos da serie histórica, mentres ANOVA recibía a maior penalización dende a acadada polo BNG en 1985.

Táboa 6

Primas e penalizacións electorais aos partidos, nas elección ao Parlamento de Galicia, 1981-2016^a


	1981	1985	1989	1993	1997	2001	2005	2009	2012	2016
AP/PP	6,12	7	6,7	5,2	3,8	3,06	4,13	3,96	8,86	7,1
UCD	6									
PSOE	2,93	2,28	4,6	1,6	0,5	0,87	0,13	2,3	3,4	0,8
BNG	-2,1	-2,8	-1,3	-1,06	-0,8	0,06	-1,4	0	-0,76	-0,3
EG/PSG	-2	-1,5	-1,13							
PCG	-1,5									
CG		2,6	-0,93							
ANOVA/En Marea									-1,9	-0,4

^a A fórmula empregada para calcular as Primas e Penalizacións é a seguinte: Primas e Penalizacións = % escanos - % votos.
 Fonte: elaboración propia

O Gráfico 2 ven a complementar a información recollida na Táboa 5. A taxa de vantaxe obtense ao dividir o porcentaxe de escanos que acada un partido político entre o seu porcentaxe de votos. Así, se un partido obtén escanos, pero menos dos que proporcionalmente lle correspondería en función dos seus votos, a súa taxa de vantaxe encontraríase entre 0 e 1; e se acadase máis escanos dos que lle correspondería en función dos seus votos, a taxa de vantaxe situaríase por encima de 1.

15. Con este termo faise referencia á situación na que debido aos efectos do sistema electoral un partido faise coa maioría absoluta do parlamento sen haber acadado o 50 por cento dos votos. Este fenómeno é característico dos sistemas maioritarios, sendo pouco frecuente nos sistemas proporcionais (Rae, 1971: 74).

Gráfico 2

Taxa de vantaxe nas eleccións ao Parlamento de Galicia, 1981-2016^a.

Fonte: elaboración propia

^a A taxa de vantaxe é o resultado de dividir o porcentaxe de votos entre o porcentaxe de escaños. Unha perfecta correspondencia dos votos cos escaños sería igual 1; unha maior asignación de escaños ca votos sería maior que 1; e unha correspondencia desigual da porcentaxe de votos coa de escaños sería inferior a 1.

Os datos do Gráfico 2 confirman o nesgo maioritario do sistema electoral galego. As dúas forzas que, polo xeral, obtiveron máis votos nas nove eleccións autonómicas celebradas, o PP e o PSOE, resultan ser as formacións máis beneficiadas. As eleccións de 1981, 1985, 2012 e 2016, aquelas nas que se deu unha maior fragmentación de partidos, coinciden coas maiores taxas de vantaxe para o PP. A formación que maior prima tivo ao transformar os seus votos en escaños foi a UCD nos primeiros comicios autonómicos, logo de que non acadase representación nos restantes. EG/PSG, PCG, CG nas eleccións de 1989 e o BNG nos comicios de 1981 e 1985 foron os grandes damnificados do sistema electoral. ANOVA sumárase a esta lista nos comicios de 2012, aínda que en 2016 (baixo as siglas de En Marea), polos bos resultados acadados, roza a perfecta correspondencia dos seus votos cos escaños.

Estes efectos mecánicos do sistema electoral repercuten no sistema de partidos ao reducir a fragmentación do Parlamento pero, ademais, inciden na desproporcionalidade electoral, é dicir, afectan ao porcentaxe de escaños que había de corresponderlle a un partido en función da súa porcentaxe de votos. Así, sendo conscientes de elo, tanto as elites como os electores actúan para mitigar os efectos redutores do sistema electo-

ral. A isto Duverger (1954) referiuse como efectos psicolóxicos do sistema electoral. Os partidos minoritarios buscan coligarse con outras forzas co fin de obter os réditos das forzas maioritarias, e os votantes ao interiorizar as consecuencias das leis electorais tras a experiencia de eleccións pasadas, buscan maximizar o seu voto e non desperdicialo apoiando a unha opción política que teña opcións de conseguir un escano no seu distrito. A teoría queda confirmada á luz dos datos que amosa a Táboa 7.

Táboa 7

Votos desperdiciados, perdidos ou malgastados nas eleccións ao Parlamento de Galicia nas catro provincias 1981-2016

	1981	1985	1989	1993	1997	2001	2005	2009	2012	2016
A Coruña	13,7	8,2	9,8	5,8	2,5	2,5	1,9	6,2	6,6	5,75
Lugo	9,5	9,7	6,8	3,2	2,5	1,6	1	3,2	4,2	4,51
Ourense	12,9	10,9	11	2,5	1,5	1,9	1,1	2,6	8,7	8,78
Pontevedra	14,6	11,4	10,3	5,6	2,2	2,4	1,8	4,1	7,7	6,61

Fonte: elaboración propia

Dende as eleccións de 1989 ata os comicios de 1997, o porcentaxe de votos que acaba en formacións que non obteñen escanos nas provincias galegas, diminuíu de forma moi notable. A excepción dáse nas eleccións de 2009, nas que por primeira vez se presenta Unión Progreso e Democracia (UPyD). A formación situada no centro-esquerda do espectro ideolóxico, recolle un amplo número de votos nas provincias de A Coruña e Pontevedra, pero terminan *desperdiciados* ao non acadar asentos no Parlamento de Galicia. Do mesmo xeito, nos comicios de 2012 a irrupción no Parlamento de Galicia dunha nova formación política, ANOVA, altera as lóxicas de participación electoral dos votantes, e o número de escanos que terminan desperdiciados ou malgastados aumenta en todas as circunscricións electorais con respecto as eleccións precedentes, achegándose a valores dos primeiros comicios. Algo semellante acontece nos comicios de 2016, con valores case iguais aos observados nas eleccións anteriores.

Estes efectos do sistema electoral, e a súa consecuente interiorización por parte do electorado, en si veñen derivadas dunha das grandes eivas das que adoeece a lexislación electoral galega: a desigualdade no valor do voto. O mandato de representación territorial do artigo 152.1 da CE, e a súa diferente interpretación por parte dos lexisladores das 17 CCAA derivou, no caso galego, no establecemento de 10 escanos iniciais adxudicados ás catro circunscricións electorais sen criterio poboacional

algún. Deste xeito, e como recalcamos no apartado dedicado ao sistema electoral galego, A Coruña e Pontevedra áchanse infrarrepresentadas fronte ás provincias de interior, que son ao mesmo tempo as menos poboadas, Lugo e Ourense. A Táboa 8 mostra a relación entre habitantes e escanos en catro puntos temporais correspondentes no tempo coas catro variacións que experimentou o sistema electoral galego (recollidas na táboa 2). Así, establece a rateo que se dá comparando coa provincia cuxo cociente, censo electoral escanos, é menor.

Táboa 8

Desigualdade no valor de representación do voto nas eleccións autonómicas galegas 2001-2016

	1981			
	Censo electoral	Escaños	Censo electoral/Escaño	Ratio Lugo
A Coruña	844.505	22	38387	1,73
Lugo	332.895	15	22193	
Ourense	355.504	15	23700	1,07
Pontevedra	641.330	19	33754	1,52
	1993			
	Censo electoral	Escaños	Censo electoral/Escaño	Ratio Ourense
A Coruña	926.589	24	38608	1,84
Lugo	327.351	15	21823	1,04
Ourense	315.548	15	21037	
Pontevedra	723.681	21	34461	1,64
	2005			
	Censo electoral	Escaños	Censo electoral/Escaño	Ratio Lugo
A Coruña	1.059.232	24	44135	1,91
Lugo	346.683	15	23112	
Ourense	354.780	14	25341	1,10
Pontevedra	856.116	22	38914	1,68
	2016			
	Censo electoral	Escaños	Censo electoral/Escaño	Ratio Lugo
A Coruña	1.087.219	25	43489	1,75
Lugo	348.243	14	24875	1,05
Ourense	364.380	14	26027	
Pontevedra	901.995	22	41000	1,65

Fonte: elaboración propia en base aos datos do censo electoral do INE

En xeral, tanto na provincia de A Coruña como de Pontevedra, conseguir cada escano en xogo ten un valor que é case o dobre do que custa obter un asento en Lugo ou Ourense. Deste xeito, o voto dunha persoa destas dúas provincias ten a metade de peso que o do das provincias de interior.

Esta desigualdade no valor do voto queda ao mesmo tempo reflectida no prorrateo desviado de escanos, ou *malapportionment*. Este indicador amosa as diferenzas entre o porcentaxe de escanos que se elixen nunha circunscrición e o porcentaxe do censo electoral que se integra na mesma. Por ser máis específicos, o *malapportionment* dá conta da diverxencia total entre a distribución de facto dos asentos por circunscrición e a distribución que normativamente había ter en función do electorado. As consecuencias desta distorsión son claras na desigualdade do valor do voto do elector, o que, sen dúbida, supón unha violación do principio segundo o cal, todas as rexións dun país deberían ter a mesma rateo de electores con deputados.

O caso español, entre outros, está asociado coa pretensión que por parte dos lexisladores electorais se deu de sobrerrepresentar as zonas rurais, coincidentes coas de menos electores (e máis conservadores) fronte ás zonas urbanas. Así, España encóntrase (cun *malapportionment* do 14,6) no posto 16 da lista dos países con maior prorrateo desviado de escanos en función do porcentaxe de escanos que lle había de corresponder a cada circunscrición segundo o seu porcentaxe de poboación (Samuels e Snyder 2001). Neste sentido, é preciso puntualizar que existen diferenzas nas fórmulas empregadas para o cálculo do prorrateo desviado. Gran parte dos estudos que mediron este fenómeno empregan a relación entre o porcentaxe de escanos das circunscricións e o porcentaxe de habitantes das mesmas. Non obstante, se o que estamos a medir é a desigualdade no valor do sufraxio dos electores, semella que empregar os datos do censo é a mellor das maneiras para testar o fenómeno, pese a que estudos comparados empreguen datos da poboación pola súa facilidade no acceso aos mesmos.

A Táboa 9 mostra os valores de *malapportionment* acadados nas eleccións celebradas. A maior desviación do prorrateo obsérvase nos comicios celebrados en 2009 e 2012. Estes valores veñen a supor que máis dun 12% dos escanos que se reparten no Parlamento de Galicia violan a máxima da igualdade do voto. En perspectiva comparada, o caso galego supón o quinto máis alto das 17 CCAA españolas e o posto 16 a nivel mundial, nunha lista que lidera Tanzania (Seijas Macías, 2014: 205). Nas eleccións de 2016 un 11 por cento dos escanos que se repartiron violaron o principio da igualdade do voto. O valor foi inferior ao das eleccións anteriores grazas ao aumento de un escano na provincia de A Coruña.

Táboa 9Prorrateo desviado de escanos nas eleccións ao Parlamento de Galicia, 1981-2016^a

	1981	1985	1989	1993	1997	2001	2005	2009	2012	2016
MAL	10,82	11,45	9,78	11,97	11,5	11,55	11,9	12,24	12,23	10,96

^a A fórmula para calcular o malapportionment é a seguinte: $MAL = (1/2) \sum |s_i - v_i|$. Onde “ s_i ” é o porcentaxe de escanos dunha circunscrición e “ v_i ” o censo electoral da circunscrición.

Fonte: elaboración propia

3. Reformas e propostas de reforma do sistema electoral galego

3.1 A modificación do sistema electoral galego en 1992

No ano 1992 produciuse unha polémica reforma electoral, en virtude da aprobación da Lei 15/1992, do 30 de decembro, que modificou a lei electoral galega a partir dun proxecto de lei presentado polo executivo autonómico.

A reforma de 1992 acometida polo Partido Popular, con Manuel Fraga Iribarne ao fronte do Goberno, aumentaba ata o 5 por cento unha barreira legal que anteriormente estaba dous puntos porcentuais por abaixo. A medida sería aprobada sen contar co apoio parlamentario do resto de forzas, e provocaría o tan soado zapatazo do por entón Secretario Xeral do BNG, Xosé Manuel Veiras, seguindo o precedente histórico de Kruschez na Asemblea da ONU. Esta reforma inaugurou unha tendencia orientada a endurecer as barreiras de acceso ao reparto de escanos que seguirían comunidades autónomas como as Illas Baleares en 1995 (do 3 ao 5 por cento) e Canarias en 1996 (do 20 ao 30 por cento a nivel insular e do 3 ao 6 por cento a nivel autonómico).

Polo que se refire á motivación da reforma, esta perseguía favorecer a gobernabilidade. En palabras do propio Fraga, era necesario racionalizar e simplificar ao máximo a xeografía política do país e para elo nada mellor que endurecer as condicións para acceder ao Parlamento. Non obstante, este argumento en pos da estabilidade e racionalización parlamentaria semella dificilmente aceptable, dado que por aquel entón, o PP gozaba dunha maioría absoluta na Cámara. Ostentaban daquela representación parlamentaria outros catro partidos políticos, pero dous de eles (Coalición Galega e Partido Socialista Galego- Esquerda Galega) facíano dunha forma practicamente testemuñal, posto que contaban tan só con dous deputados cada un. Así as cousas, parece que o verdadeiro propósito daquela reforma era o de deixar fora de xogo ás pequenas organizacións nacionalistas con representación parlamentaria

na época. En opinión de Pallarés (1998: 239), esta modificación pretendía “evitar a emerxencia e desenvolvemento de grupos galeguistas no centro-dereita que puidesen erosionar electoralmente ao PP e facer que perdese a maioría absoluta”.

Así, no debate á totalidade do proxecto de lei, o Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, Rodríguez Rodríguez, defendeu no nome da Xunta a necesidade deste aumento na barreira, argumentando que “o Goberno é consciente de que neste punto non existe consenso, pero considera (...) preciso clarificar as opcións políticas que teñan acceso á Cámara, de maneira que o fagan forzas políticas realmente significativas”.¹⁶ A estas afirmacións respondería o representante de Coalición Galega, Cándido Sánchez Castiñeiras, incidindo en que a reforma sobre todo buscaba “eliminar as forzas políticas que saben que teñen unha ideoloxía galeguista”. E seguía, dicindo que “tódalas forzas políticas representadas hoxe superan o 7 por cento dos votos; agora ben, o engano que pretende levar a cabo o Partido Popular, é dicir, se subimos ó 5 por cento, por exemplo Coalición Galega non estará representada na próxima lexislatura. Sabemos que isto non é certo, pero articulado coa propaganda (...) pode ter un efecto disuasorio sobre aqueles que queren votar una determinada forza”¹⁷. A elo sumárase o representante do BNG, Álvarez Domínguez, quen afirmaba que “na provincia de Ourense e na provincia de Lugo non se accede á representatividade aínda tendo o 5 por cento; necesítase, como mínimo, o 5,6 por cento, e aínda co 5,6 por cento o BNG quedou fóra da representación desta Cámara pola provincia de Ourense nas eleccións do ano 1989. Non vale para nada, ten unha finalidade puramente disuasoria. Agora ben, ten una finalidade para a provincia de Pontevedra ou para a provincia de A Coruña, dado que o número de representantes que se van elixir por cada distrito é superior a 20”¹⁸.

Finamente, co apoio do Grupo Parlamentario Popular, e a pesares do voto en contra das restantes forzas políticas do Parlamento, aprobouse durante a última sesión plenaria da terceira lexislatura – a menos de tres meses das eleccións – a primeira reforma de un sistema electoral na historia do Estado das Autonomías, co propósito evidente de eliminar contrincantes políticos de corte nacionalista. Quebrouse así o consenso acadado na aprobación do Estatuto e na lei electoral galega, que situaba a barreira legal no 3 por cento (Martínez, 2012: 25).

Este aumento do 3 ao 5 por cento supuxo un aumento cualitativo por canto situou a barreira legal a niveles superiores da barreira efectiva do voto nas provincias de A Coruña (3 por cento), Pontevedra (3,5 en 1993 e 3,3 por cento en adiante) e Lugo (4,8 por cento), onde os partidos minoritarios tiñan opcións de obter represen-

16. Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, III Lexislatura, núm. 124, 8 de setembro de 1992, p. 2181.

17. Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, III Lexislatura, núm. 124, 8 de setembro de 1992, p. 2183.

18. Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, III Lexislatura, núm. 124, 8 de setembro de 1992, p. 2188.

tación (Rivera *et. al.*, 1998:324). De feito, nas eleccións de 1993, a coalición Esquerda Unida-Unidade Galega obtivo un 3,74 por cento dos votos na circunscrición de A Coruña que, de non existir barreira electoral do 5 por cento, conseguiría o escano que obtivo o PP.

Non debe de estrañar que o aumento da barreira legal contribuíse a erradicar definitivamente a proliferación de pequenos partidos. Fronte á dispersión orixinaria sobre todo do voto nacionalista, emerxeu unha paulatina concentración de forzas intencionada pola clase política. As diversas forzas nacionalistas, coa súa diversidade de matices, deron orixe a un proceso tortuoso de confluencia (Rivera *et. al.*, 1998:325).

3.2 As tentativas de modificación da lei electoral galega do ano 2012 e 2014

A grave crise económica do 2008 pronto derivou nunha profunda crise política (Rama, 2016). Así, *empresarios políticos* viron unha apropiada ventá de oportunidade para canalizar as demandas dos electores aos que as forzas establecidas xa non eran capaces de representar. Novos partidos foron emerxendo e pouco a pouco consolidándose, tanto a nivel nacional como subnacional. Por elo, ante a previsible ruptura do sistema de partidos, varios líderes políticos de distintas comunidades autónomas lanzáronse, xa polo ano 2008, a formular diversas propostas de reforma dos seus sistemas electorais.

Esta avalancha de propostas de reforma electoral a nivel subnacional poden clasificarse en dúas etapas coincidentes no tempo coa chegada da crise económica a España. A primeira, corresponde ao período anterior as últimas eleccións autonómicas de 2015, na que os líderes (a maioría do PP) propuxeron reformas para establecer barreiras de entrada a novas forzas políticas. Os casos que mellor ilustran esta realidade son os de Cantabria e Castela e a Mancha, esta última, por partida dobre. En Cantabria reduciuse o Parlamento (de 39 a 35) buscando penalizar as terceiras forzas e impedir a entrada de novos partidos. En Castela e a Mancha, na primeira reforma ampliouse o tamaño da Asemblea (de 49 a 53 escanos) buscando outorgarlle ao PP uns mellores resultados. Sen embargo, no 2014 reduciuse do tamaño do Parlamento a 33 deputados coa premisa de impedir o aumento da fragmentación de partidos (algo que daquela xa se podía anticipar). Así, nas eleccións de 2015 Podemos só entrou con 2 escanos, e Ciudadanos, cun 8,5 por cento dos votos quedouse sen representación. (Fernández Esquer, 2016)¹⁹.

19. Outros exemplos de propostas que non chegaron a materializarse son as de Illas Baleares en xuño de 2012, que pretendía a redución do tamaño da Asemblea en 18 escanos, pasando de 59 a 41; e a da Comunidade Valenciana en 2013, que perseguía facer máis pequena a cámara (de 99 a 79 escanos).

E unha segunda etapa, que estamos a vivir agora, na que tras as eleccións autonómicas de 2015, son as novas formacións políticas as que están a impulsar reformas que pretenden corrixir elementos correctores da proporcionalidade que introducen algúns sistemas electorais autonómicos. Sirvan de exemplo a reforma xa aprobada en Murcia impulsada por Ciudadanos e acordada co PSOE e Podemos, e as reformas que están en camiño en comunidades como Asturias, Andalucía, Canarias e A Ríoxa, por citar varios exemplos. As novas formacións (Podemos e Ciudadanos) que son imprescindibles para a gobernabilidade destes territorios, están a impulsar estas reformas de “rexeneración da democracia”.

Pois ben, retrotraéndonos a esa primeira etapa de reformas electorais auspiciadas na súa maioría polo PP, Galicia non ía ser a excepción, e da mesma forma que procederan os seus compañeiros de partido, o Presidente da Xunta Alberto Núñez Feijoo, poría riba da mesa xa no ano 2012 a redución do tamaño do Parlamento. Dende a reforma de 1992 non se rexistraran intentos relevantes de modificar o sistema electoral galego. Nin sequera durante a sétima lexislatura na que se deu a alternancia na Xunta debido ao goberno bipartito do PSOE e o BNG, tramitouse unha proposta que dese equilibrio ao reparto de escaños entre as catro provincias galegas para axustalo á realidade demográfica de cada unha delas. E elo a pesares de que o Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, chegase a anunciar unha modificación da lei electoral para facer unha mellor distribución dos asentos en relación á poboación (Martínez, 2012: 20).

A diminución do número de escaños do Parlamento de Galicia foi anunciada polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, nunha entrevista ao xornal *La Voz de Galicia* e presentouse formalmente polo Grupo Parlamentario Popular o 31 de xullo de 2012 en forma de proposición de lei (Martínez, 2012: 2-3). Esta proposta enmarcábase dentro dun paquete de medidas para o aforro económico no contexto de crise. Así, o grupo Parlamentario do Partido Popular presentaría dita medida como proposición de lei o 31 de xuño de 2012, circunscribíndose a reducir de 75 a 61 escaños o número de parlamentarios, previsto no artigo 9.2 da Lei Electoral galega. Deste xeito, tamén se modificaba o art. 9.3, en relación ao número de asentos que lle corresponden a cada provincia en función da súa poboación, que pasaban de 35 a 21. Esta proposta viña recollida no programa electoral, onde explicitamente dicíase: “reducir o número de deputados a 61, na franxa baixa de representación prevista no artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia”²⁰.

20. Así se pode ver na páxina 33 do seguinte resumo executivo do programa do Partido Popular de 2012. Enlace: <http://www.pp.es/sites/default/files/documentos/6827-20121011165536.pdf>

Esta medida sería parcialmente modificada no ano 2014, no que se propo-
ría reducir de 10 a 8 os escanos que se habían de repartir de inicio por Provincia
sen axuste a criterios poboacionais. Mais, en xeral, o resultado destas propostas de
reforma permitían que as circunscricións máis poboadas resultasen, se cabe, máis
infrarrepresentadas que coa Lei 8/1985, mentres que as menos poboadas apenas
notarían a modificación que imporía a nova lei electoral. En resumo, con ditas pro-
postas o que se terminaría conseguindo sería un Parlamento menos representativo
no relativo á rateo habitantes por escano, e que pasaría a ter un tamaño menor ao de
outras comunidades autónomas con menos poboación e provincias - caso de Aragón
e Extremadura- (Martínez, 2012).

Finalmente, debido ao adianto electoral anunciado por Aberto Núñez Feijoo
para facer coincidir as eleccións autonómicas galegas coas vascas, o Presidente da
Xunta acordou a disolución do Parlamento de Galicia o 27 de agosto e, en conse-
cuencia, a proposta de reforma da lei electoral non chegou sequera a tramitarse. A
Táboa 10 amosa, en función das propostas de 2012 e 2014, o número de escanos que
lle habían de corresponder a cada provincia e o porcentaxe do total que significarían,
empregando datos do censo electoral do ano 2016.

Táboa 10

Número de escanos por provincia e porcentaxe de escanos segundo o número de habitantes de 2016
coas propostas de reforma do PP do ano 2012 e 2014

	Nº Escanos propuesta 2012	% Escanos propuesta 2012	Nº Escanos propuesta 2014	% Escano propuesta 2014
A Coruña	19	31,1	20	32,8
Lugo	13	21,3	12	19,7
Ourense	12	19,7	11	18,0
Pontevedra	17	27,9	18	29,5

Fonte: elaboración propia

A Táboa 11 amosa o reparto de escanos que obterían as formacións políticas que con-
correron as eleccións autonómicas de 2016 seguindo os resultados de ditas eleccións,
pero empregando para transformas os votos en escanos as leis electorais propostas
polo Partido Popular no ano 2012 e 2014. Neste caso, o PP gañaría as eleccións, e
ademais vería incrementado o seu porcentaxe de escanos con respecto ao actual, un
57,4 por cento e 55,7 por cento fronte ao 54,7 por cento co que conta en 2016 baixo

a normativa electoral vixente. O resto de forzas políticas manterían as mesmas posicións. O PSOE e En Marea, perderían un 0,7 por cento do porcentaxe en escanos baixo a proposta do PP de 2012. Non obstante, coa proposta de 2014 En Marea sairía beneficiado ao acadar o 19,7 por cento dos escanos da Cámara, fronte ao 18,7 actual. O BNG, pola súa parte, perdería con ambas propostas o 1,4 por cento dos escanos acadados en 2016 coa lei vixente. En esencia, esta baixada de escanos co mantemento da barreira electoral no 5 por cento, viría a supor unha traba para que as formacións pequenas puidesen facerse con un asento no Parlamento de Galicia.

Táboa 11

Simulación electoral coas propostas de reforma do PP no ano 2012 e 2014, empregando os resultados das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2016.

	Simulación electoral Proposta 2012 Nº Escanos	% Escanos coa proposta de 2012	Simulación electoral Proposta 2014 Nº Escanos	% Escanos coa proposta de 2014
PP	35	57,4	34	55,7
PSOE	11	18	11	18
En Marea	11	18	12	19,7
BNG	4	6,6	4	6,6

Fonte: elaboración propia

Se calculásemos as primas e penalizacións que terían as formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia tras as eleccións autonómicas de 2016, baixo as propostas de reforma electoral do PP en 2012 e 2014, os resultados serían os seguintes: O PP sairía máis beneficiado, ao obter unha prima do 9,84 por cento baixo as regras da proposta de 2012 e do 8,14 por cento coas de 2014, fronte á bonificación actual do 7,1. O PSOE seguiría beneficiándose, pero moito menos que co sistema electoral vixente (un 0,13 por cento con ambas propostas). Do mesmo xeito, o BNG sería o gran penalizado, con un -1,73 por cento baixo ambas propostas (a lei actual prexudícao nun -0,3). Pola súa parte, En Marea correría unha sorte dispar. Por unha banda, sairía penalizado coa proposta de reforma electoral do 2012, ao ver que os seus escanos representan un 1,07 por cento menos do valor dos seus votos, pero beneficiaríase da opción presentada polo PP en 2014, con unha bonificación do 0,63.

Por outra banda, a fragmentación de partidos a nivel parlamentario veríase reducida levemente coas propostas de 2012 e 2014. Pasaría do actual valor de 2,64 a 2,51 coa proposta de 2012 e a 2,59 baixo a de 2014. Sen embargo, o índice a nivel

electoral experimentaría un aumento, do 3,14 actual ao 3,23 que se acadaría implementando unha ou outra reforma. Pola contra, a desproporcionalidade aumentaría de xeito notable, do xa elevado valor actual de 5,35 pasaría a acadar unha cifra de 7,23 coa proposta de 2012 e 6,13 coa de 2014. O cambio principal estaría no *malapportionment*. Tanto coa proposta de reforma de 2012 como coa de 2014 este incrementárase. No primeiro caso, faríao en máis de tres puntos (do 10,96 ao 14,6) e, no segundo, acadaría o valor de 11,3.

4. Unha proposta de reforma electoral para Galicia

Despois de dez eleccións ao Parlamento de Galicia e tras haber analizado os rendementos do sistema electoral galego, se algo podemos afirmar é que os efectos producidos na igualdade do voto dos electores ou na correspondencia dos votos cos escanos, dista moito de estar allea de críticas. De feito, nin a reforma do sistema electoral galego de 1992 nin as propostas de reforma de 2012 e 2014, buscaron resolver as deficiencias do sistema electoral.

Por elo, a proposta de reforma electoral que aquí se defende ten catro obxectivos principais: 1) mitigar a desigualdade do voto, 2) corrixir a desproporcionalidade electoral, 3) dar cabida a pluralidade de forzas políticas e 4) permitir a gobernabilidade. Para acadar estes fins concretos non ha de ser necesario acometer unha “reforma electoral maior” (Katz, 2005) se non, máis ben, o que pretendemos é mostrar o impacto que unha pequena modificación da lei electoral vixente podería traer en varios indicadores fundamentais do rendemento do sistema electoral.

O feito de estar fixado estatutariamente que a provincia é a circunscrición electoral fai que sexa de gran dificultade acometer unha modificación de dito elemento. A importancia da circunscrición achase, sobre todo, nos efectos que ten para a correspondencia entre o porcentaxe de votos e de escanos. Nos artigos 56 e 57 do Estatuto de Autonomía, especificase que para levar a cabo esta reforma serían necesarios dous terzos do Parlamento de Galicia, a aprobación da Reforma nas Cortes Xerais mediante Lei Orgánica, e mesmo a celebración dun referendo. Deste xeito, non semella fácil mellorar a proporcionalidade do sistema electoral galego establecendo outra circunscrición distinta á provincial, cunha maior magnitude. De feito, pese a que sexan varias as voces que defenden que non ten sentido unha circunscrición electoral provincial para elixir unha Cámara de representación dos intereses de toda Galicia, o mandato constitucional e estatutario, sumado a necesidade de representación dos intereses da poboación rural fronte á urbana, xustifican o mantemento das provincias que, máis aló de poder ser xulgadas como meras divisións administrativas, arrastran fortes sentimentos identitarios. Outra das formas de corrixir os problemas de proporcionalidade está en modificar o tamaño do Parlamento. Neste caso, o número

de escanos que ha de ter a Asemblea galega non ven fixado no Estatuto, se non que nunha Lei do Parlamento de Galicia de desenvolvemento básico do Estatuto. Para a súa modificación, e incremento ata 80 escanos, sería preciso a maioría absoluta do Parlamento galego nunha votación final sobre a totalidade. Non obstante, estas medidas que habían de corrixir as distorsións na transformación dos votos en escanos, estarían a incidir na quebra doutros elementos que se supón esenciais dun bo sistema electoral, como a gobernabilidade ou o necesario axuste do tamaño do Parlamento coa poboación de dereito. Polo que non entraremos a discutilas na nosa proposta.

Por todo elo, sen renunciar a un mínimo inicial de escanos por cada unha das catro provincias que compoñen a comunidade galega, decidimos adxudicar 3 asentos sen criterios poboacionais que virían a substituír aos actuais 10 escanos de inicio. Así, sen modificar o tamaño do Parlamento de Galicia que conta con 75 escanos, repartiríanse 63 entre a poboación das catro circunscricións, un incremento de 28 escanos fronte á lei electoral vixente. Os resultados deste reparto poden verse na Táboa 12. A Coruña sube 4 escanos, Pontevedra 3, e Lugo perde 3 e Ourense 4.

Existen fundamentalmente tres argumentos para defender a redución a tres escanos o mínimo inicial por provincia. En primeiro lugar, mentres que outras propostas suxeriron que ese mínimo se fixase en oito escanos (Martínez, 2012: 21-24) ou incluso en cinco (López, 2006: 250-251; Seijas, 2012: 14), consideramos que con elo non se reduce o suficiente a desigualdade no valor do voto. Coa nosa proposta as provincias de Lugo e Ourense continuarían estando sobrerrepresentadas, pero a máxima rateo de desigualdade do voto mitigaríase notablemente, de forma que o valor do voto dun lucense sería 1,23 unidades superior ao dun coruñés.

En segundo lugar, ese número mínimo de asentos inicial que se reparte con independencia da poboación é o que xa se emprega en outros sistemas electorais autonómicos como en Castela e León e Castela e a Mancha. Trátanse de dúas comunidades autónomas que presentan similitudes respecto a Galicia en tanto que se caracterizan por ter un hábitat disperso. En estas dúas comunidades autónomas a xustificación da sobrerrepresentación dos territorios menos densamente poboados esgrímese como forma de “asegurar a representación das diversas zonas do territorio” nuns termos similares aos empregados en Galicia. Non semella que os casos de Aragón (mínimo inicial de trece asentos) e os de Estremadura e a Comunidade Valenciana (mínimo inicial de vinte escanos) sirvan como modelos de referencia, pois agravarían aínda máis os desequilibrios representativos e a desigualdade no valor do voto dos galegos.

Por último, cabe sinalar que con esta modificación corresponderíanlle os seguintes escanos as distintas provincias: A Coruña 29, Pontevedra 22, Lugo 11 e Ourense 10, polo que as magnitudes de distrito continuarían sendo suficientes como para que os resultados fosen desproporcionais. Con estas magnitudes de distrito, Galicia esta-

ría incluso por encima do rango que vai dende os 4 aos 8 escanos, que algúns autores consideraron como un punto óptimo (*electoral sweet-spot*) para producir un virtuoso equilibrio entre unha suficiente representatividade e unha adecuada rendición de contas (Carey e Hix, 2011).

Táboa 12

Número de escanos por Provincia e porcentaxe de escanos segundo o censo de 2016 coa proposta de reforma

	Nº Esc. Proposta	Nº Esc. Actual	Diferenza Esc.	% Esc. Proposta	% Esc. Actual	Diferenza % Esc	% Poboación
A Coruña	29	25	4	38,7	33,3	5,4	41,3
Lugo	11	14	-3	14,7	18,7	-4	12,4
Ourense	10	14	-4	13,3	18,7	-5,4	11,6
Pontevedra	25	22	3	33,3	29,3	4	34,7

Fonte: elaboración propia

Á proposta de reducir o número de escanos iniciais por provincia, sumámoslle a necesidade de baixar a barreira electoral legal do 5 ao 3 por cento a nivel circunscripción. Tamén encontramos un triplo motivo para modificar este elemento do sistema electoral. De entrada, non cabe soste que a actual barreira do 5 por cento, que apenas ten efectividade, contribúa ao obxectivo de calquera barreira electoral que se prece: evitar a a excesiva fragmentación partidista e así propiciar que os parlamentos sexan centros de decisión política eficaces e garantir en última instancia a estabilidade governamental. Ata a fecha, a estabilidade do subsistema político galego foi formidable, como pon de manifesto o dato de que en 7 das 10 eleccións autonómicas o PP consegue a maioría absoluta. Así as cousas, non parece que o feito de reducir a barreira do 5 ao 3 por cento, incrementando con elo as posibilidades potenciais de que entre algún novo partido no Parlamento, supoña unha ameaza para o equilibrio do sistema parlamentario.

En segundo lugar, é preciso recalcar que un dos síntomas de boa saúde democrática de un sistema político é que se produza a alternancia no goberno. Polo que un dos múltiples obxectivos aos que deberá de servir un sistema electoral é, se non a propiciar, si ao menos a permitir que poida darse dita alternancia. En Galicia a alternancia no goberno só se produciu en dúas ocasións: unha fugaz tras a moción de censura de 1987; e unha segunda, que podemos considerar como verdadeira alter-

nancia, co bipartito PSOE-BNG no período 2005-2009. É por elo que a baixada da barreira, en tanto que operación tendente a facer algo máis sinxela a alternancia, está máis que xustificada.

Por último, a redución do mínimo inicial de deputados por provincia a tres, fai que a baixada da barreira ao 3 por cento teña sentido. Iso é así porque as barreiras efectivas²¹ de Pontevedra (2,92 por cento) e A Coruña (2,53 por cento) situaríanse precisamente por debaixo dese 3 por cento e, chegado o caso, podendo haber partidos que hipoteticamente obtivesen un porcentaxe de votos suficiente como para levarse un escano en esas dúas circunscricións, a barreira electoral do 3 por cento evitaríao. Desta forma, podemos afirmar que a operación de fixar unha barreira electoral do 3% non é unha operación simplemente cosmética ou efectista, senón que pode ter algunha virtualidade.

Con este novo sistema electoral podemos simular cómo sería o reparto de escanos entre as formacións, seguindo os resultados das eleccións de 2016 (Táboa 13). Se o comparamos co sucedido baixo a lei electoral vixente habemos de destacar: 1) a entrada no Parlamento de Galicia de Ciudadanos, grazas aos asentos conseguidos en A Coruña e Pontevedra, as provincias máis poboadas e que co novo reparto melloran a súa rateo escanos/habitante; 2) o aumento en un escano de En Marea grazas, de novo, á subida nas provincias atlánticas; 3) a perda de dous escanos do BNG, ámbolos dous en Lugo e Ourense – provincias do rural e, por extensión, máis conservadoras – e 4) a subida do PP de dous escanos en A Coruña e a perda de 3 escanos en total en Ourense e Lugo. Así, se ben é certo que o BNG perde dous asentos, tamén o é que os perde nas provincias de Ourense e Lugo, onde había acadado representación con 10.000 votos, mentres que Ciudadanos, que entraría no Parlamento, non había conseguido escano ningún nin en A Coruña nin en Pontevedra con 19.000 sufraxios, respectivamente.

Se atendemos aos rendementos da proposta de reforma do sistema electoral, seguindo os resultados de 2016, habemos de falar da corrección da desproporcionalidade, dun mellor axuste entre votos e escanos para cada unha das formacións e dunha mellora notable do *malapportionment*. A Táboa 14 amósanos algúns destes feitos. En primeiro lugar, o NEPE e o NEPP aumentan levemente. Pasando de 3,15 a 3,23 e de 2,66 a 2,76, respectivamente. O maior aumento vese a nivel parlamentario debido a entrada dunha nova formación no Parlamento de Galicia: Ciudadanos. Con elo, os terceiros partidos gañan peso, e as formacións de pequeno tamaño poden

21. A barreira efectiva é o porcentaxe de votos que debe acumular unha formación para conseguir representación; calcúlase de acordo á fórmula proposta por Lijphart (1995:63 ss) $U_{ef} = \frac{50\%}{(M+1)} + \frac{50\%}{2M}$, onde M é o número de escanos de unha determinada circunscrición.

entrar no Parlamento de Galicia sen que por elo se vexa afectada a gobernabilidade. Igualmente, redúcese de xeito leve a desproporcionalidade electoral. O valor de 4,65 segue a ser alto, mais significaría un dos máis baixos da serie histórica.

Táboa 13

Simulación electoral coa propostas de reforma empregando os resultados electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2016^{a 22}

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	Total actual
PP	15 (+2)	7 (-1)	7 (-2)	11	40	41
En Marea	6 (+1)	2	1 (-1)	6 (+1)	15	14
PSOE	5	2 (-1)	2	5 (+1)	14	14
BNG	2	0 (-1)	0 (-1)	2	4	6
Ciudadanos	1 (+1)			1 (+1)	2	0

Fonte: elaboración propia

^aA táboa inclúe entre parénteses os escanos que cada formación sube ou baixa nas distintas circunscricións en función dos resultados electorais dos comicios de 2016.

A restante información complétase na Táboa 15. Coa proposta de reforma, o PP sairía menos beneficiado que baixo as regras actuais, pasando dunha prima do 7,1 por cento ao 5,8. Continuaría tendo unha bonificación, pero sería de 1,3 puntos porcentuais menos. Pola contra, tanto o BNG como Ciudadanos serían os máis damnificados polo sistema electoral: cunha penalización do 3 e do 0,7 por cento, respectivamente. Mención aparte ha de dedicárselle ao *malapportionment*, pois coa proposta de reforma electoral que aquí defendemos a desviación do prorrateo veríase corrixida amplamente. Se coa lei electoral vixente cerca dun 11 por cento dos escanos que se reparten no Parlamento de Galicia están distribuídos de forma que violan o principio de unha persoa un voto, este porcentaxe quedaría reducido a un 1,8 por cento; o máis baixo se o comparamos coas restantes CCAA. Se facemos este mesmo cálculo sobre o porcentaxe da poboación de cada unha das provincias en troques de sobre o

22. Nesta proposta non se recolle un cambio de fórmula de reparto. De empregase a cota Hare en lugar da fórmula D'Hont, a asignación de escanos sería a seguinte: en A Coruña o PP 14, En Marea 6, PSOE 5 BNG 3 e Ciudadanos 1. En Lugo: o PP 6, o PSOE 2, En Marea 2 e o BNG 1. En Ourense: PP 5, PSOE 2, En Marea 1, BNG 1 e Democracia Ourense (DO) 1. En Pontevedra: PP 11, En Marea 6, PSOE 5, BNG 2 e Ciudadanos 1. O resultado final sería: PP 36, En Marea 15, PSOE 14, BNG 7, Ciudadanos 2 e DO 1. O PP perdería a maioría absoluta.

porcentaxe do censo, o valor do *malapportionment* sería do 3,95 por cento, de igual forma; un dos máis baixos en España.

Táboa 14
 Indicadores do sistema electoral para a propostas de reforma

	Desproporcionalidade	NEPE	NEPP	MAL
Proposta de Reforma	4,65	3,23	2,76	1,8

Fonte: elaboración propia

Táboa 15
 Primas e penalizacións dos partidos con representación parlamentaria segundo as simulacións electorais coa proposta de reforma

	Primas e Penalizacións 2016	Taxa de Vantaxe 2016
PP	5,8	1,12
PSOE	2,1	1,12
En Marea	-0,4	0,98
BNG	-3,0	0,64
Ciudadanos	-0,7	0,79

Fonte: elaboración propia

5. Conclusións

A celebración de dez eleccións ao Parlamento de Galicia permítenos avaliar os rendementos do sistema electoral dende unha perspectiva lonxitudinal. Deste xeito, algúns elementos como a barreira electoral do 5 por cento a nivel de circunscrición e, sobre todo, o reparto inicial de 10 escanos por provincia sen criterios poboacionais provocaron, por un lado, unha barreira de entrada para novas formacións e, por outro, un desaxuste entre o porcentaxe de votos e o número de escanos dos partidos. Ademais, estes elementos inciden na desigualdade do valor do voto dos cidadáns galegos que ven como, en función da súa residencia, a súa capacidade de influencia política é maior ou menor. Por elo, e tras describir os rendementos do sistema electoral galego (en termos de proporcionalidade, taxa de vantaxe, desigualdade do valor do voto, fragmentación partidista) dende 1981 ata 2016, este traballo analizou as reformas e

propostas de reforma electoral que se acometeron ata hoxe. Así, tanto a reforma de 1992, que subiu a barreira de entrada do 3 por cento a nivel circunscrición ao 5 por cento, como as propostas de 2012 e 2014, en ningún caso buscaron paliar as deficiencias do sistema electoral galego. Por elo, este artigo defende unha reforma viable do sistema electoral (baixada ata o 3 por cento da barreira legal e redución do mínimo de escanos iniciais a 3) que tería uns efectos moi favorables para o seu rendemento.

Bibliografía

- ALONSO, S. (2012) *Challenging the State: Devolution and the Challenge of Partisan Credibility*, Oxford: Oxford University Press.
- BARREIRO, J. L. (2003) “Da UPG ao BNG: o proceso organizativo do nacionalismo galego”, en J.M. RIVERA (coord.), *Os partidos políticos en Galicia*, Vigo: Xerais.
- BERAMENDI, J.G. e X.M NÚÑEZ (1996) *O nacionalismo galego*, Vigo: A Nosa Terra.
- BLANCO, R., MAIZ, R. e PORTERO, J.A. (1982) *Las elecciones en Galicia. 1. El Parlamento Gallego*, La Coruña: Ediciones NOS.
- BLANCO, R. (1991) “Disposición Transitoria Primera”, en J.L. CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR (dir.), *Comentarios al Estatuto de Autonomía de la Comunidad Autónoma de Galicia*, Madrid: Ministerio para las Administraciones Públicas, 903-907.
- CAREY, John M. e Simon HIX, (2011) “The Electoral Sweet-Spot: Low-Magnitude Proportional Electoral Systems”, *American Journal of Political Science*, 55 (2), 383-397.
- COLOMER, Josep M.; José Ramón MONTERO, e Ignacio LAGO (2005) “Glosario básico de sistemas electorales”. *Zona Abierta*, 110/111, 349-358.
- DUVERGER, Maurice. (1954) *Political Parties: Their Organization and Activity in the Modern State*, New York: Wiley.
- FERNÁNDEZ ALBERTOS, J. (2015) *Los votantes de Podemos. Del partido de los indignados al partido de los excluidos*, Fundación Alternativas.
- FERNÁNDEZ ESQUER, C. e J. R. MONTERO, (2016). “El sistema electoral canario: representación desproporcional y desigualdad del voto” en G. PÉREZ y V. MÚJICA (coord.) *Textos para la Reforma electoral de Canarias*, Gran Canaria: Universidad de las Palmas de Gran Canaria, 21-68.
- FERNÁNDEZ ESQUER, Carlos (2016) “La reforma del sistema electoral de Castilla-La Mancha de 2014”, *Cuadernos Manuel Giménez Abad*, 11, 76-85.
- GALLAGHER, M. (2005) “Conclusion”, en M. GALLAGHER e P. MITCHELL (eds.) *The Politics of Electoral Systems*, New York: Oxford University Press, 535-578.
- JUSTEL, M. (1990) “Panorámica de la abstención electoral en España”, *Revista de Estudios Políticos*, 68, 343-396

- KATZ, R. (2005) “Why are there so Many (or so Few) Electoral Reforms?”, en M. GALLAGHER e P. MITCHELL (eds.) *The Politics of Electoral Systems*, New York: Oxford University Press, 57-76.
- KRUGMAN, P. (2008) “Let’s Get Fiscal”, *The New York Times*, 16 de Outubro de 2008.
- LAGO, I.(2004) “La coordinación electoral del nacionalismo gallego”, *Revista Internacional de Sociología*, Tercera Época (39), 35-61.
- LIJPHART, A. (1995) *Sistemas electorales y sistemas de partidos. Un estudio de veintisiete democracias, 1945-1990*, Madrid: Centro de Estudios Constitucionales.
- LIPSET, S.M. e S. ROKKAN (1967) *Party Systems and voter alignments: Cross national perspectives*, New York: Free Press.
- LÓPEZ, A.X. (2006) “Hipóteses verbo dalgúns elementos do futuro sistema electoral galego”, en A.X. LÓPEZ (coord.), *O Terceiro Estatuto Galego. Propostas desde a Ciencia Política*, Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, 243-257.
- LÓPEZ, A.X. (2010) *Sistema político español e galego*. Santiago de Compostela: Andavira.
- MAIZ, R. (1991) “Título Preliminar”, en J.L. CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR (Dir.), *Comentarios al Estatuto de Autonomía de la Comunidad Autónoma de Galicia*, Madrid: Ministerio para las Administraciones Públicas, 15-18.
- MAIZ, Ramón (1996) “Nación de Breogán: oportunidades políticas y estrategias enmarcadoras en el movimiento nacionalista gallego (1886-1996)”, *Revista de Estudios Políticos*, 92, 33-75.
- MARTÍNEZ ARRIBAS, Fernando (2012) “Reflexiones sobre la non nata reforma de la lei de eleccións ao Parlamento de Galicia”, *Revista Dereito*, 21 (2), 1-33.
- MARTÍNEZ ARRIBAS, Fernando (2013) (coordinador) “Análise das eleccións autonómicas galegas do 21 de outubro de 2012. Reflexións sobre o sistema electoral” Santiago de Compostela, Andavira
- MÍGUEZ, S. (1998) “De la apatía a la participación: la evolución de la abstención en las elecciones autonómicas de Galicia (1981-1997)”, *Sociológica*, 3, 39-68.
- MÍGUEZ, S. (2010) “Valores políticos y participación en Galicia: factores de cambio y continuidad”, en J. L. VEIRA VEIRA (coord.), *La evolución de los valores sociales en Galicia*, 127-170.
- MONTERO, J. R. (1986) “La abstención electoral en las elecciones legislativas de 1982: términos de referencia, pautas de distribución y factores políticos”, *Revista de Derecho Político*, 22, 103-147.
- MONTERO, José Ramón e Pedro RIERA (2009) “El sistema electoral español: cuestiones de desproporcionalidad y reforma”, *Anuario de la Facultad de Derecho de la Universidad Autónoma de Madrid*, 13, 225-270.
- PALLARÉS, F. (1998) “Los sistemas electorales de las Comunidades Autónomas. Aspectos institucionales”, en J. MONTABES (ed.), *El sistema electoral a debate*.

- Veinte años de rendimientos del sistema electoral español*, Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas/Parlamento de Andalucía, 221-246.
- PALLARÉS, Francesc e Ignacio LAGO (2005) “Las elecciones autonómicas de 2005 en Galicia”, *Informe Comunidades Autónomas 2005*, Barcelona: Instituto de Derecho Público, 733-751.
- PORTERO, J.A. (1991) “Artículo 11”, en J.L. CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR (Dir.), *Comentarios al Estatuto de Autonomía de la Comunidad Autónoma de Galicia*, Madrid: Ministerio para las Administraciones Públicas, 125-138.
- RAE, D. W. (1971) *The Political Consequences of Electoral Laws* (2a ed), New Haven: Yale University Press.
- RAMA, J. (2016) “Crisis económica y sistema de partidos. Síntomas de cambio político en España”, *Working papers*, núm. 344, Barcelona: Institut de Ciències Politiques i Socials
- RIVERA, J. M., N. LAGARES, A. CASTRO e I. DIZ (1998) “Las elecciones autonómicas en Galicia”, en M. ALCÁNTARA e A. MARTÍNEZ (coord.) *Las elecciones Autonómicas en España 1980-1997*, Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas, 285-308.
- SAMUELS, David e Richard SNYDER (2001) “The Value of a Vote: Malapportionment in Comparative Perspective”, *British Journal of Political Science*, 31, 651-671.
- SEIJAS, José Antonio (2012) “Índice de Poder Provincial en el Parlamento de Galicia”, *Anales de Economía*, 20, 1-21.
- SEIJAS, José Antonio (2014) “Análisis del grado de “Mal-apportionment” en los parlamentos autonómicos del Estado español”, *Revista Española de Ciencia Política*, 34, 199-221.
- TAAGEPERA, R. e M. S. SHUGART (1989) *Seats & Votes*. New Haven & London: Yale University Press.
- VILAS NOGUEIRA, J. (1992) “Las elecciones autonómicas de Galicia (1981-1990)”, *Revista de Estudios Políticos*, 75, 59-85.